

Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 24/02/2022

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 24 de febreiro na Sala de Xuntas da FFT do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Asistentes:

Presidencia

José Francisco Montero Reguera

Secretaría

María Seijas Montero

Sector profesorado

Javier de Agustín Guijarro

María del Carmen Cabeza Pereiro (PDI)

Antonio Chas Aguión

Xosé Henrique Costas González

Miguel Cuevas Alonso (PDI)

María Dolores González Álvarez

Jesús González Maestro

Carmen Luna Sellés

Ana María Pereira Rodríguez

Beatriz María Rodríguez Rodríguez (PDI)

Martín Urdiales Shaw

Rosalía Rodríguez Vázquez (PDI)

Representante persoas tituladas

Alexia Dotras Bravo

Representate da sociedade

Marta Souto González

Desculpan

Lourdes Lorenzo García

Maribel del Pozo Triviño

Fernando Ramallo Fernández

Non asisten

Inmaculada Báez Montero

José Yuste Frías

Ábrese a sesión ás 9:35.

O decano da a benvida á Comisión de Calidade aos profesores Xosé Henrique Costas, como director do departamento de Filoloxía Galega e Latina, Miguel Cuevas Alonso, representante do PDI do grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e a Jesús Maestro González, coordinador do grao en Linguas Estranxeiras, e a profesora María del Carmen Cabeza Pereiro, representante do PDI do grao de Filoloxía Aplicada Galega e Española.

Validación, se procede, do rexistro *Plan de Promoción do Centro do curso 2020-2021 (R1-DO0202 P1)*.

A vicedecana de calidade explica que o rexistro *Plan de Promoción do Centro* é un dos rexistros que debemos archivar na aplicación informática de calidade, e pertence ao procedemento de *Promoción das titulacións*. En primeiro lugar fai unha aclaración, e dalle as grazas o profesor Javier de Agustín que foi quen se decatou. Indica que na portada falta o subtítulo do que realmente é este documento: informe anual das accións de promoción levadas a cabo polo centro no curso 2020-2021. Foi realizado na súa maior parte polo vicedecanato de Comunicación. O que se tentou é destacar as diversas actividades encamiñadas a promoción do centro e especialmente das súas titulacións, entre as máis importantes: os actos de benvida ao estudantado de primeiro curso dos tres graos; a participación na *Xornada de Orientación Universitaria* organizada pola UVigo que se realizou o 25 de maio de 2021 de forma non presencial; tamén destaca que durante o curso 2020-2021 fíxose unha importante campaña de promoción do novo grao de Filoloxía Aplicada Galega e Española. Unha promoción que se levou a cabo a través das redes sociais, medios de comunicación e entrevistas. De feito, inclúense no informe as ligazóns da cobertura que se lle deu na prensa. Tamén durante o curso 2020-2021 fixéronse dous folletos de información e difusión do *Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española* e do *Grao en Linguas Estranxeiras*. No caso do grao de Tradución e Interpretación o folleto farase cando o proceso de reforma este rematado. Finalmente, sinala que no documento inclúense outras actividades relacionadas coa promoción do centro: exposición Xela Arias, Axenda Cultural para divulgar e promover todos os actos culturais que se realizan na FFT, celebración do día da muller cos vídeos realizados por catro profesoras da facultade; ciclo de charlas e concurso Concita Cunqueiro para celebrar o cabodeano de Alvaro Cunqueiro; concurso para que a xente coñecese a mulleres que fixeron historia no mundo das letras e que a comunidade universitaria se pronunciase sobre cales eran as súas favoritas; ou a participación da Facultade no día de Rosalía de Castro 2021.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 9:47.

Vigo, 24 de febreiro de 2022

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 09/06/2022

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade

María Seijas Montero

